

PL014 PL015 PL016 PL017	Oficial	4	C-C2	VD	PNC
PL018 PL019 PL020 PL021 PL022 PL023 PL024 PL026 PL027 PL028 PL029 PL030	Operario/a.	12	AP	VD	PNC

RESUMO:

TIPO DE PERSOAL	Nº
Total prazas de réxime xurídico funcional:	20
Total prazas de réxime laboral:	29
TOTAL:	49

Mondoñedo, 16 de novembro de 2016.- A ALCALDESA, Elena Candía López.

SIGLAS:

- **GR/SUBG:** Grupo/Subgrupo:

- A-A1: Grupo A-Subgrupo A1.
- A-A2: Grupo A-Subgrupo A2.
- C-C1: Grupo C-Subgrupo C1.
- C-C2: Grupo C-Subgrupo C2.
- AP: Agrupación Profesional.

- **SITUACIÓN:** SIT.:

- O: Ocupada.
- VD: Vacante Dotada.

- **CREACIÓN:**

- PNC: Praza Nova Creación.

Segundo o disposto no artigo 171.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, poderase interponer directamente contra o referenciado orzamento xeral, recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondene do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a data seguinte á publicación deste anuncio.

Mondoñedo, a 27 de Decembro do 2016.- A Alcaldesa, Elena Candia López

R. 3969

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 19 de decembro de 2016, aprobou por delegación da Alcaldía (Decreto do 18/06/2015), a OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2016 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, de acordo coa normativa para o efecto.

Segundo o disposto no artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no artigo 2014 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, procédese á publicación da oferta de emprego público do exercicio de 2016, constituída polas seguintes prazas:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Corpo	Escala	Categoría	Vacantes	Grupo
Policía Local	Básica	Oficial (*)	1	C1
Policía Local	Básica	Policía	1	C1
Denominación		Subescala		
Enxeñeiro Técnico Industrial	Administración especial	Técnica	1	A2

(*) Promoción interna.

B) PERSOAL LABORAL:

Área ou servizo	Denominación	Vacantes	Titulación
Medio Ambiente	Peón	2	Certificado de escolaridade
Servizos	Auxiliar electricista	1	Certificado de escolaridade
Servizos Sociais	Técnico de Grao Superior	1	Licenciado/a en Psicoloxía, Pedagogía ou Psicopedagogía.
Educación	Subalterno	1	Certificado de escolaridade
Conservatorio	Profesor música	4 (*)	Diplomado ou equivalente

(*) Violín, saxo, percusión e vento-metal.

Monforte de Lemos, 21 de decembro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 3929

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga novembro- decembro 2016 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 19 de decembro de 2016 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do sexto bimestre 2016 (novembro-decembro)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día o 7 de novembro ata o 8 de xaneiro de 2016

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan